

## Unidade 6. Expón un tema

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Completa.

- Os verbos **regulares** son os que teñen a mesma raíz en toda a conxugación e, as desinencias, son as **mesmas** que as do verbo modelo da súa conxugación.
- Os verbos **irregulares** son os que **non** teñen a mesma raíz que o verbo modelo e toman desinencias **diferentes** ás do verbo modelo. Algúns verbos, como ir, dicir, estar, **facer**, haber..., presentan moitas irregularidades.
- Os verbos **completos** son os que teñen todas as formas do verbo modelo.
- Os verbos **incompletos** son os que non se poden conxugar en todas as formas do verbo modelo.

### 2. Conxuga o presente de indicativo, o pretérito de indicativo e o futuro dos verbos **ser**, **andar** e **chover**.

Presente ser: son, es, é, somos, sodes, son. Pretérito indicativo ser: fun, fuches, foi, fomos, fostes, foron. Futuro: serei, serás, será, seremos, seredes, serán. Presente andar: ando, andas, anda, andamos, andades, andan. Pretérito indicativo andar: andei, andaches, andou, andamos, andastes, andaron. Futuro: andarei, andarás, andará, andaremos, andaredes, andarán. O verbo chover só se conxuga en 3.<sup>a</sup> persoa do singular.

### 3. Contesta sobre a actividade anterior.

- Cal é un verbo regular?

**Andar.**

- Cal é un verbo irregular?

**Ser.**

- Cales son verbos completos?

**Andar e ser.**

- Cal é un verbo incompleto?

**Chover.**

## Unidade 6. Expón un tema

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 4. Localiza os verbos contraídos con pronomes e acentúa os que o precisen.

Facer deporte é moi san. **Axúdanos** a facer máis fortes os músculos, mellora o funcionamento do noso corazón e dos pulmóns. A verdade é que sempre llo digo aos meus pais e eles **agradécenmo**, pero non fan nada.

En cambio, a min **encántame** o deporte. O que máis me gusta é o balonmán. É tan divertido e emocionante! Queredes que xuguemos algunha vez xuntos? **Dígovolo** totalmente en serio! **Espérovos!** Non vos arrepentiredes!



**Axúdanos, agradécenmo, encántame, dígovolo, espérovos.**

### 5. Acentúa as seguintes formas verbais se o precisan.

entréganmo

díxollelo

tróuxovolo

díxoma

déixoch

fálalle

danlla

mercoumo

devolvinlla

fixollo

### 6. Fai unha oración coas formas verbais que non acentuaches.

**Resposta libre.**

### 7. Substitúe as palabras en negraíña por pronomes.

• Eu levarei **a mochila**.

**Eu levareina.**

• Telefonarei **aos papás** mañá.

**Telefonareilles.**

### 8. Escribe o ditado.

O luns chegamos á casa e os meus irmáns déronnolo, si, o notición. Imos de excursión os tres a fin de semana.

Eu xa me puxen nervioso e díxenlle ao meu irmán:

—Levarei eu a mochila.

—Non, levareina eu. Non hai máis que falar.

## Unidade 6. Expón un tema

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 9. Completa.

- **Metáfora:** consiste na identificación de dous termos que gardan unha relación de semellanza.
- **Comparación:** é o establecemento de semellanzas entre dous termos.

### 10. Agora di que recurso dos anteriores hai nos seguintes exemplos.

Co seu casco-verdecente  
camuflaxe- en pé de guerra,  
os piñeiros afincados  
son, da encosta, sentinelas.



**Metáfora.**

#### TREPIA

Como tres versos ou tres  
rosas nun vaso de auga,  
un braseiro con tres pés.



**Comparación.**

### 11. Busca no teu libro de texto, ou nun libro calquera, poemas nos que aparezan estes dous recursos. Escríbeos.

**Resposta libre.**